



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

TOURO

Expediente 2025/E001/000005. Proceso de selección para a contratación de persoal ao abeiro da subvención para o fomento do emprego no medio rural (APROL Rural) 2025. Resolución de alcaldía aprobación das bases e convocatoria do proceso de selección

Resolución de Alcaldía aprobación das bases e convocatoria do proceso de selección.

ANTECEDENTES

1.- Con data do 13 de marzo de 2025 publicouse no DOG núm. 50 a Orde do 5 de marzo de 2025 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2025.

Esta orde ten por obxecto o establecemento das bases reguladoras e as condicións polas que se rexerá, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a convocatoria pública en réxime de concorrencia non competitiva, das axudas e subvencións que están destinadas ao financiamento de accións de fomento de emprego en colaboración coas entidades locais no medio rural a través da contratación de persoas traballadoras desempregadas para a realización de tarefas relacionadas maioritariamente coa prevención de incendios nas faixas secundarias definidas pola Lei de Prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, como son a planificación preventiva, a valorización forestal, a silvicultura, a limpeza de montes, a xestión de biomasa (código de procedemento TR351G), co obxecto de proporcionarlles a experiencia e práctica profesional necesarias para facilitar a súa inserción laboral.

O artigo 3 .1) di que poderán ser beneficiarios das axudas e subvención previstas nesta orde os concellos rurais sempre que dispoñan de capacidade técnica de xestión suficiente para a execución dos correspondentes proxectos.

A duración dos contratos das persoas desempregadas que desenvolvan a prestación dos servizos será igual ou superior a 9 meses e a xornada á tempo completo, segundo o artigo 4º.d) e) da Orde.

O artigo 5 establece as contías da subvención que percibirán as entidades beneficiarias para sufragar os custos salariais totais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos na mesma cantidade que a fixada para o salario segundo o convenio colectivo vixente no momento de formular a solicitude, por cada persoa traballadora desempregada contratada. O máximo establecido para os grupos de cotización comprendidos entre o 8 e o 10 é de 16.107,79 euros. Non se consideran custos salariais subvencionables o importe da indemnización prevista polo artigo 49.1.c) do Estatuto dos traballadores, así como os incentivos e complementos extrasalariais que non formen parte da base de cotización.

O artigo 12.3.d) establece que recibirán subvención para dúas contratacións todos os concellos solicitantes que teñan a condición de Concellos Doing Business-Concellos Emprendedores. No apartado 4, di que terminada a asignación dos contratos, os contratos adxudicaranse sucesivamente ata a finalización do crédito coa seguinte proporción: b) recibirán subvención para catro contratacións os concellos fusionados que se sumen á Iniciativa galega dos concellos emprendedores (anteriormente denominados concellos Doing Business Galicia-Concellos Emprendedores); c) recibirán subvención para tres contratacións os concellos fusionados; d) recibirán subvención para dúas contratacións todos os concellos que se sumen á Iniciativa galega dos concellos emprendedores (anteriormente denominados concellos Doing Business Galicia-Concellos Emprendedores) e e) recibirán un contrato os concellos rurais que non se encadren en ningunha das alíneas anteriores .

O artigo 15º.1 establece que efectuada a selección das persoas traballadoras na forma prevista no artigo anterior, a entidade beneficiaria procederá á súa contratación utilizando necesariamente a modalidade de contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego, tendo en conta que, en todo caso, os contratos deberán formalizarse no prazo e nos termos establecidos na resolución concedente da subvención e, en todo caso, dentro do exercicio 2025. Cada contrato terá unha duración mínima de nove meses e unha xornada laboral do 100 %, e ese será período laboral o máximo subvencionable para cada contrato.

O prazo de presentación de solicitudes é dun mes, contado desde o día seguinte ó da publicación da presente Orde no DOG sendo a data máxima para a presentación o 13 de abril de 2025. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia e todos os trámites administrativos posteriores deberán ser realizados electronicamente accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesa, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

2.- No Decreto 95/2025 de 8 de abril de 2025 consta o seguinte:

PRIMEIRO. Solicitar á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade unha axuda económica por un importe de 16.602,00 € para a contratación de 1 traballador desempregado para a realización do servizo “Aprol Rural Touro 2025”.

SEGUNDO. Aprobar a memoria do servizo denominado “Aprol Rural Touro 2025”.

3.- Resolución de 15 de maio de 2025 do Departamento Territorial da Coruña da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración pola que se concede unha axuda por importe de 16.602,00 euros para a contratación dunha persoa traballadora como tractorista, en réxime laboral temporal para a mellora de ocupabilidade e a inserción laboral, para desenvolver o servizo denominado APROL RURAL TOURO 2025.TAREFAS NO MEDIO AMBIENTE - TRACTORISTA, ao abeiro da Orde do 5 de marzo de 2025 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2025, publicada no DOG. núm. 50 do 13 de marzo de 2025.

Ao abeiro do manifestado resulta necesario proceder a contratación citada, para dar cumprimento aos prazos e ao obxecto da subvención solicitada.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local.
- Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no que non se opoña á Lei 2/2015,de emprego público de Galicia.
- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado.
- Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

RESOLUCIÓN:

PRIMEIRO. Aprobar as bases e a convocatoria para realización dun proceso selectivo, mediante oposición, para a contratación de 1 dunha persoa traballadora como tractorista, en réxime laboral temporal para a mellora de ocupabilidade e a inserción laboral, por un período de 12 meses a xornada completa, para desenvolver o servizo denominado APROL RURAL TOURO 2025. TAREFAS NO MEDIO AMBIENTE - TRACTORISTA, a cargo da subvención para o fomento do emprego no medio rural (APROL Rural) da Consellería de Fomento do Emprego e Igualdade, ao abeiro da Orde do 5 de marzo de 2025 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2025, publicada no DOG. núm. 50 do 13 de marzo de 2025.

SEGUNDO. Publicar as bases integramente no Boletín Oficial da Provincia de a Coruña, no taboleiro de edictos do Concello de Touro e no taboleiro de anuncios na sede electrónica do Concello.

TERCEIRO. Presentar a correspondente oferta no Servizo Público de Emprego de Galicia-Oficina de de Santiago Norte nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia ós requisitos e características que deben reunir os/as candidatos/as para o adecuado desempeño das funcións inherentes ó posto de traballo ofertado.

CUARTO. Dar traslado deste acordo ao Departamento de Secretaría-Intervención do Concello de Touro, dándolle conta ó Pleno da Corporación Local na primeira sesión ordinaria que teña lugar.

Manda e asina, o sr. alcalde, en Touro, na data da sinatura electrónica ao marxe, asinando eu, como secretario-interventor, aos efectos exclusivos de transcripción ao Libro de decretos como garantía da súa autenticidade e integridade

e para dar cumprimento ao establecido no artigo 2.1 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, sobre os libros de actas e resolucións das entidades locais galegas.

José López González, secretario-interventor

Roberto Castro Rocamonde, alcalde-presidente

BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA A MELLORA DA OCUPABILIDADE E A INSERCIÓN LABORAL DUN (1) TRACTORISTA AO ABEIRO DO PROGRAMA APROL RURAL 2025 DO CONCELLO DE TOURO.

1. Obxecto.

As presentes bases teñen por obxecto regular o procedemento de selección para a contratación dunha persoa traballadora como tractorista, en réxime laboral temporal para a mellora de ocupabilidade e a inserción laboral, por un período de 12 meses a xornada completa, para desenvolver o servizo denominado APROL RURAL TOURO 2025. TAREFAS NO MEDIO AMBIENTE - TRACTORISTA, a cargo da subvención para o fomento do emprego no medio rural (APROL Rural) da Consellería de Fomento do Emprego e Igualdade, ao abeiro da Orde do 5 de marzo de 2025 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2025, publicada no DOG. núm. 50 do 13 de marzo de 2025.

2. Funcións e retribucións.

Funcións: As actuacións a levar a cabo polo traballador desempregado/a ao abeiro deste orde, serán tarefas no medio ambiente relacionadas maioritariamente coa prevención de incendios nas faixas secundarias, definidas pola Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia:

- Execución de rozas mecanizadas, poda, rareos e limpeza en camiños, masas forestais, áreas arbóreas e masas comúns municipais, co obxectivo de reducir o combustible forestal e axudar a prevención de incendios forestais.
- Aproveitamento da biomasa forestal residual para a produción de substratos, abonos e compostaxe
- Mellora ou rexeneración en masas de frondosas caducifolias, e en especies autóctonas en xeral.
- Enriquecemento dos solos para os cultivos forestais cos restos xerados pola roza e poda.

Retribucións: A retribución do salario mensual bruto incluída a parte proporcional das pagas extras dos traballadores será de 1.592,00 € brutos mensuais e axustada ás necesidades do servizo.

3. Tipo e duración do contrato.

A modalidade de contrato é a de contrato temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral a tempo completo (código 405) ao abeiro do Real Decreto- Lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo polo que se modifican as modalidades contractuais e segundo o establecido no artigo 15 da Orde de convocatoria da subvención.

Grupo de cotización: 8

Período da contratación: 12 meses a contar dende a data de inicio do contrato. Data prevista 16 de xuño de 2025.

4. Sistema selectivo.

A selección da persoa candidata máis idónea realizarase a través do procedemento de selección de oposición.

5. Requisitos dos aspirantes.

Requisitos xerais:

a) Ser español ou nacional dun Estado membro da Unión Europea ou de calquera daqueles Estados ós que en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos establecidos na normativa vixente, ademais, consonte co disposto no artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, tamén poderán acceder á praza os estranxeiros que reúnan a condición de cónxuxes de españois ou de nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe – sempre que non estean separados de dereito – menores de 21 anos ou maiores que vivan ás súas expensas.

b) Ter cumprido a lo menos 16 anos de idade e non superar, no seu caso, a idade máxima de xubilación forzosa.

c) Estar en posesión do certificado de escolaridade ou equivalente, ou en condición de obtelo na data de remate do prazo de presentación de instancias.

A efectos desta convocatoria, o termo equivalente entenderase referido exclusivamente ás titulacións que, como consecuencia da implantación de novos estudos adaptados ás sucesivas reformas educativas, viñeron substituír ás titulacións extinguidas.

As titulacións non expedidas en España deberán estar debidamente convalidadas polo Ministerio de Educación e Ciencia do Estado español.

d) Non padecer enfermidades nin eiva física que lle incapacite para o desenvolvemento das correspondentes funcións propias do posto de traballo.

e) Non atoparse separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas e dos órganos constitucionais ou estatutarios das Administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario ou para exercer funcións semellantes ás que desenvolvían no caso de persoal laboral, no que houbese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

f) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, sen que se padeza enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatibles coas funcións do posto. A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación. As persoas aspirantes con discapacidade farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas.

g) Posesión do permiso de conducir. Habilita a condución do tractor forestal ou agrícola.

Requisitos específicos.

a) Ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupadas e estar dispoñibles para o emprego e reunir os requisitos establecidos no artigo 14º da Orde do 5 de marzo de 2025 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2025, publicada no DOG. núm. 50 do 13 de marzo de 2025, que no punto 6 establece literalmente:

Terán preferencia as persoas que teñan prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción laboral e, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral, tales como:

a) Persoas desempregadas que participasen en obradoiros de emprego, programas integrados de emprego, programas mixtos de formación e emprego ou accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas (AFD), relacionadas co eido forestal, conservación e mellora de montes, silvicultura, agricultura, gandería e xardinaría.

b) Persoas integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente as persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia

c) Mulleres, en especial aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero, de trata de seres humanos ou de explotación sexual.

d) Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.

e) Persoas paradas de longa duración.

f) Persoas con discapacidade.

g) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.

h) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.

i) Persoas trans.

j) Persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España

Así mesmo, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.

b) Os/as interesados/as en participar neste proceso selectivo deberán ser desempregados/as inscritos/as no correspondente código do CNO clave 83221013 condutores-operadores de maquinaria forestal con motor, en xeral na Oficina Pública de Emprego de Galicia.

6. Presentación de solicitudes.

Achegar anexo I. Cuberto e asinado no anverso e no reverso.

O concello solicitará candidatos/as para cubrir estes postos de traballo mediante a presentación da correspondente oferta na Oficina pública de emprego de Santiago Norte nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia ós requisitos e características que deben reunir os/as candidatos/as para o adecuado desempeño das funcións inherentes ó posto de traballo ofertado.

Soamente serán admitidos/as e poderán presentarse a este proceso os/as candidatos/as que figuren no listado que remita o Servizo Público de Emprego de Galicia de conformidade coa oferta de emprego presentada por este concello, non sendo admitido/a ningún outro/a candidato/a que non figure no citado listado.

7. Publicidade.

As bases do proceso selectivo publicaranse integramente no taboleiro de edictos da sede electrónica, no taboleiro de anuncios do Concello, así coma no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e igualmente facilitarase unha copia destas na Oficina do Rexistro Xeral do Concello a todos/as aqueles que o soliciten.

Os resultados das probas, as convocatorias de exames, citacións e emplacements aos aspirantes, así coma calquera actuación do tribunal cualificador levaranse a cabo unicamente a través do taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello, medio exclusivo de notificación aos interesados de conformidade co previsto no artigo 45.1. b) da lei 39/2015 de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

8. Admisión dos aspirantes.

Os/as candidatos/s deberán presentarse, na data e hora que a Oficina Pública de Emprego requira (ben por carta ou por calquera outro medio de comunicación que a Oficina Pública de Emprego e o concello de Touro acorden) nas dependencias municipais do Concello de Touro, co DNI e achegar o anexo I. cuberto e asinado no anverso e no reverso.

Logo de rematar o prazo de presentación de instancias a Alcaldía ditará Resolución no prazo máximo dun mes, contendo:

1. A lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos con expresión dos motivos da exclusión.
2. A designación do tribunal cualificador.
3. Lugar e data da realización da primeira proba.

Dita resolución publicarase no Taboleiro de Anuncios do Concello e na sede electrónica municipal. A citada resolución procederá a conceder un prazo de 2 días hábiles contados dende o día seguinte da súa publicación no taboleiro de anuncios do concello, para que os interesados que o consideren oportuno proceda a emendar as deficiencias ou presentar as alegacións que estimen oportunas contra a citada lista provisional de admitidos. No caso de que no citado prazo non se presentasen reclamacións contra a lista provisional, ou non houbera ningún aspirante excluído, entenderase como definitiva.

En todo caso deberá mediar como mínimo un prazo de 48 horas entre a publicación da resolución na que se fixe o lugar e data de realización da primeira proba e a realización da mesma.

No caso de que se presentasen alegacións ou emendas contra a resolución de aprobación da lista provisional, procede-rase a ditar nova resolución que aprobe a lista definitiva, que será publicada igualmente no taboleiro de anuncios municipal e na sede electrónica municipal.

9. Tribunal cualificador.

Consonte cos artigos 55 e 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), co Real Decreto 896/1991, polo que se establece as regras básicas e os programas mínimos aos que teñen que axustarse os procedementos de selección dos funcionarios na administración local e co artigo 11 do Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado aprobado por Real Decreto 364/1995, o tribunal terá unha composición mínima de cinco membros e contará cos seguintes membros:

Presidente: Un funcionario pertencente ao grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada ou quen legalmente a substitúa.

Secretario/a: Un funcionario pertencente á escala de funcionarios de administración local con habilitación nacional.

Vogais: Tres funcionarios de carreira pertencentes ao grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ou esixido para o acceso á praza convocada ou quen legalmente os substitúa.

No momento do seu nomeamento designaranse os suplementes dos seus integrantes.

Os integrantes do tribunal deberán absterse de formar parte deste, cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, notificándoo á autoridade convocante, ou cando tiveran realizado tarefas de preparación a probas selectivas semellantes á aquí convocada nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Os aspirantes, igualmente, poderán recusar aos membros do Tribunal de acordo co artigo 24 da mencionada Lei.

Para a válida constitución do tribunal terán que estar presentes o presidente e secretario ou persoas que legalmente as substitúan e dous dos vogais. De conformidade co previsto no artigo 17 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público o tribunal poderase constituír, convocar, celebrar as súas sesións, adoptar acordos ou remitir actas tanto de forma presencial como a distancia.

10. Procedemento de selección – oposición.

1º exercicio. Exame práctico

Por parte do tribunal proporase unha proba de carácter práctico, na que se valorará o manexo de útiles, ferramentas e maquinaria agrícola e forestal, sendo algunhas das funcións do posto de traballo a desenvolver. Valorarase a destreza, calidade do traballo, coñecemento do material ou a maquinaria e tempo empregado nesta proba práctica.

Cualificarase de 0 a 10 puntos sendo excluídos/as os/as aspirantes es que non acaden o mínimo cinco puntos (5 puntos). A cualificación deste exercicio efectuarase con 2 decimais. Corresponderá ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar a puntuación mínima.

2º exercicio. Coñecemento da lingua galega.

De carácter obrigatorio e non eliminatorio, que realizarán os/as aspirantes que superasen as probas anteriores. Consistirá na tradución directa do castelán ao galego de 5 frases propostas polo Tribunal durante un tempo máximo de 30 minutos e sen axuda de dicionario. O exercicio cualificarase como apto ou non apto. Quedan eximidos da realización deste exercicio aqueles aspirantes que acrediten posuír, antes da finalización do prazo de presentación de instancias o CELGA 1 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo co disposto na Orde de 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga), publicada no DOG nº 34, de 19 de febreiro de 2014.

Cualificación final. A cualificación definitiva da oposición será o resultado da suma das puntuacións outorgadas polo tribunal en cada un das fases da oposición.

De tal xeito, despois de rematar as probas, o tribunal propondrá o nomeamento do aspirante que, na suma total das puntuacións asignadas na oposición obtivera a maior puntuación.

O tribunal non poderá declarar que superaron o proceso selectivo un número superior de aspirantes ao de prazas convocadas.

Desempate. En caso de empate resolverase en favor da persoa aspirante que leve maior tempo de desemprego durante os cinco últimos anos, en base a criterios sociais. No no caso de persistir o empate, resolverase por sorteo.

11. Lista de aprobados e contratación da seleccionada.

Finalizado o proceso selectivo, o tribunal fará pública, mediante anuncio no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello, a puntuación final total das persoas candidatas que teñan superado o proceso selectivo, por orde de puntuación, e elevará a devandita relación á Alcaldía, para o seu nomeamento.

Así mesmo, as persoas aspirantes finalmente non seleccionadas, pero que tiveran superado o proceso selectivo, serán propostas polo tribunal, por orde descendente de puntuación, para a creación dunha bolsa de traballo para a praza convocada e cuxo funcionamento se rexerá polas normas e criterios sinalados na base décima primeira.

O aspirante proposto, alcanzará no prazo máximo de 10 días naturais, contados a partir da publicación da lista de aprobados no taboleiro de edictos, os documentos seguintes:

1º.- Fotocopia do título académico esixido na base 4ª ou no seu defecto, o xustificante de ter aboado os dereitos para a súa expedición.

2º.- No caso de haber declarado a súa posesión, fotocopia do certificado CELGA nivel 1 ou a validación do nivel de competencia en lingua galega equivalente ao CELGA 1 segundo a Orde do 16 de xullo de 2007 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, modificada pola ORDE do 10 de febreiro de 2014 expedidos polos organismos e autoridades previstos na devandita Orde.

3º.- Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No suposto de ser nacional doutro Estado, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no seu Estado, o acceso ó emprego público.

4º.- Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ao momento da súa contratación.

No mesmo prazo sinalado para a presentación da documentación, o aspirante seleccionado someterase a recoñecemento médico polos servizos do Concello, para acreditar que non padece enfermidade ou defecto físico nin psíquico que impida o desempeño das correspondentes funcións.

Os aspirantes que fagan valer a súa condición de persoas con discapacidade deberán presentar certificado dos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Seguridade Social que acredite tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria acreditativo da compatibilidade do desenvolvemento das tarefas e funcións correspondentes.

Unha vez presentada a documentación referida procederase á formalización do contrato.

Se dentro do prazo indicado, agás nos casos de forza maior, debidamente motivados e que deberán ser apreciados e estimados, potestativamente, pola Alcaldía, a persoa aspirante seleccionada non presentara a documentación requirida, ou da mesma se deducira que non reúne os requisitos esixidos, non poderá ser contratada, e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que puidera incurrir por falsidade.

Neste suposto, a Alcaldía deberá propoñer o nomeamento da persoa aspirante que ocupe o primeiro lugar (por orde de puntuación) na relación complementaria de persoas aspirantes que tiveran superado o proceso selectivo e non foran inicialmente seleccionadas para a cobertura da vacante convocada.

Resolta pola Alcaldía a contratación da persoa aspirante seleccionada, esta deberá iniciar a relación laboral na data sinalada, para o efecto, na dita resolución, que lle será debidamente notificada; de non cumprir co dito prazo de incorporación, sen existir causa xustificada (nos casos de forza maior, debidamente motivados e que deberán ser apreciados e estimados, potestativamente, pola Alcaldía), entenderase que renuncia aos seus dereitos.

A persoa aspirante que formalice o contrato de traballo quedará obrigada a realizar o traballo no horario e na modalidade de xornada ordinaria e nos horarios que se determinen conforme ao Convenio colectivo de persoal laboral do Concello de Touro ou normativa vixente no momento de formalización do contrato.

Na resolución de formalización de contrato establecerase un período de proba de acordo coa normativa de aplicación. O contrato resolverase cando, por resolución motivada da Alcaldía e de acordo co procedemento establecido, a persoa aspirante contratada non superara o período de proba.

12. Bolsa de traballo.

As persoas aspirantes que teñan superado o proceso selectivo, pero que non obtiveron a puntuación necesaria para ser seleccionado/a, formarán parte dunha lista de reserva por orde de puntuación para cubrir eventuais vacantes da persoa seleccionada durante o período subvencionado que nunca se estenderá máis da data do Programa.

A persoa integrante da bolsa que sexa nomeada polo Concello causará baixa na bolsa, e unha vez que finalice a súa relación co Concello volverá causar alta na bolsa de emprego no posto da mesma que lle corresponda en relación cos puntos obtidos.

A renuncia a un posto de traballo ofertado suporá o pase da persoa aspirante ao último lugar da bolsa de emprego, salvo que concorran unha das seguintes circunstancias:

Parto, baixa por maternidade ou situacións asimiladas.

Enfermidade grave que impida a asistencia ao traballo, sempre que se acredite debidamente.

Exercicio de cargo público representativo que imposibilite a asistencia ao traballo.

13. Recursos.

Contra a resolución de alcaldía que aprobe as presentes bases, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso Administrativo de A Coruña, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, segundo o art. 46.1 da Lei 29/1998 de 13 de xullo da xurisdición contencioso-administrativa. Así mesmo

poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante a Alcaldesa-Presidenta, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas). No caso de que se interpoña o recurso potestativo de reposición, ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo (artigo 123.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).

Sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior; as solicitudes de revisión de exame que poidan presentarse polos aspirantes serán consideradas como solicitudes de acceso ao expediente ao abeiro do previsto no artigo 53.1.a) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sendo a única obriga para o Tribunal de Selección a de expoñer os criterios técnicos xerais que se tiveron en conta para a obtención da puntuación.

Contra os acordos, actas e valoracións realizadas polo Tribunal de Selección caberá a posibilidade de interpoñer recurso de alzada de conformidade co previsto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ante a Alcaldía-Presidencia da Corporación.

14. Normativa de aplicación.

En todo o non previsto nestas bases estarase ao disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local; Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local; Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público; Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público; Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia; Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, así como a restante normativa de desenvolvemento da lexislación indicada.

Touro, 16 de maio de 2025

O alcalde-presidente,

Roberto Castro Rocamonde.

ANEXO I

DATOS DE CONTACTO

NOME E APELIDOS	
DNI	
ENDEREZO	
TELÉFONOS DE CONTACTO	
Marque cun X o tipo de notificación preferente: POSTAL ☐ ELECTRÓNICA ☐ DATOS A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA Solicita notificación por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, https://notifica.xunta.gal , ó que se poderá acceder co certificado electrónico asociado electrónico asociado ó DNI da persoa solicitante. ENVIARANSE AVISOS DA POSTA Á DISPOSICIÓN NO CORREO ELECTRÓNICO: _____	

Ós efectos de poder participar no proceso selectivo de CONTRATACIÓN LABORAL DE (1) TRACTORISTA, ao abeiro do APROL RURAL 2025 presenta a seguinte documentación:

- ☐ Copia do DNI.
- ☐ Permiso de conducir que habilite a condución do tractor forestal ou agrícola.
- ☐ Certificado do Celga 1, equivalente ou superior, se é o caso.
- ☐ Tarxeta de demanda de emprego actualizada.

Outra documentación:

- 1.....
- 2.....
- 3.....
- 4.....

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

- Que todos os datos e documentación que aporta son certos.
- Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, e dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin se achar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargo públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non se achar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.
- A efectos do previsto no artigo 10 da Lei 53/1984, do 26 de decembro de Incompatibilidades do Persoal ó Servizo das Administracións Públicas e no artigo 13.1 do Real Decreto 598/1985, do 30 de abril, sobre incompatibilidades do persoal ó servizo da Administración do Estado, da Seguridade Social e dos Entes, Organismos e Empresas dependentes:
 - Que NON ☐ SI ☐ desempeña posto ou actividade no sector público delimitado polo artigo primeiro da Lei 53/1984.
 - Que NON ☐ SI ☐ realiza actividade privada incompatible ou suxeita a recoñecemento de compatibilidade.
- Posuír a capacidade funcional e psíquica para o desempeño das tarefas non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal exercicio das tarefas habituais e funcións correspondentes ó posto de traballo ó que se opta.
- Ter sido informado polo concello de Touro que no suposto de que eu teña dúbidas sobre si padezo algunha enfermidade infecto-contaxiosa e que reúno as condicións psíquicas e físicas necesarias para a realización do traballo, é aconsellable que, con carácter previo á contratación, faga un recoñecemento médico que descarte a existencia dalgunha enfermidade infecto-contaxiosa e/ou dalgún problema que puidese impedir a normal realización do traballo nas condicións debidas podendo aportar certificado médico acreditativo deses extremos.
- Os datos recollidos a través deste anexo trataranse de conformidade coa Lei de Protección de Datos de Carácter Touro, de de 2025

Sinatura:.....

INFORMACIÓN DE PROTECCIÓN DE DATOS PARA SOLICITANTES DE EMPREGO

En cumprimento coa actual normativa de protección de datos de carácter persoal, informamos a aqueles aspirantes que presenten a súa solicitude para participar no procedemento selectivo sobre o tratamento dos seus datos persoais

1 RESPONSABLE DE TRATAMENTO

O responsable dos tratamento dos seu datos persoais é CONCELLO DE TOURO, con dirección Isabel II, 26, 15822, Fonte Díaz, Touro (A CORUÑA); correo@concellodetouro.gal

2 DELEGADO DE PROTECCIÓN DE DATOS

O Delegado de Protección de Datos do CONCELLO DE TOURO é Servizos de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L. có que poderá contactar en correo@concellodetouro.gal

3 FINALIDADE

O acceso á condición de persoal funcionario interino do CONCELLO DE TOURO efectuarase de conformidade coa OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO, mediante unha convocatoria Pública e a través de calquera sistema contemplado na normativa vixente, sexa concurso, concurso- oposición ou oposición libre, nos que se garantirá, en todo momento, o cumprimento dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade.

4 LEXITIMACIÓN

A base legal para o tratamento dos seus datos é o consentimento que nos outorga mediante a firma da solicitude.

5 DESTINATARIOS DE CESIÓN

CONCELLO DE TOURO proporciona un servizo de promoción de emprego, axudando a terceiras empresas e entidades a cubrir os seus procesos de selección. Por favor, marque as casas conforme ao consentimento que queira outorgarnos:

- ☐ Si, desexo participar en procesos de selección de terceiras empresas e/ou entidades coas que CONCELLO DE TOURO colabore, polo que consinto que os datos do meu currículo sexan facilitados ás mesmas, coa finalidade única de participar nos seus procesos de selección.
- ☐ Non, unicamente desexo participar nos procesos de selección de CONCELLO DE TOURO, polo que non consinto que os datos do meu currículo sexan facilitados a terceiras empresas.

6 DEREITOS

Informámoslle dos seus dereitos en materia de protección de datos.

- a. Dereito a solicitar o acceso aos seus datos persoais.
- b. Dereito a solicitar a súa rectificación ou supresión.
- c. Dereito a solicitar a limitación do seu tratamento, e a opoñerse ao tratamento
- d. Dereito á portabilidade dos datos

Para exercer os seus dereitos non ten máis que realizar unha solicitude por escrito e acompañala dunha copia do seu DNI.

CONCELLO DE TOURO dispón de formularios adecuados respecto diso. Non ten máis que solicitalos ou ben presentar o seu propio escrito nas dependencias de CONCELLO DE TOURO Isabel II, 26, 15822, Fonte Díaz, Touro (A CORUÑA); correo@concellodetouro.gal

Para que podamos gardar o seu currículo e tratar os seus datos nos procesos de selección, necesitaremos outórguenos o seu consentimento. Para iso deberá cumprimentar e asinar o seguinte recadro:

NOME E APELIDOS: _____
DNI: _____
DATA E LUGAR: _____
SINATURA: _____

2025/3169